


# PLAN DE ORIENTACIÓN



**CURROS**  
**ENRIQUEZ**  
**IP** Celanova



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

## **1. INTRODUCCIÓN.**

## **2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**

## **3. OBXECTIVOS.**

## **4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS.**

## **5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.**

## **6. PLAN DE TRABALLO.**

### **6.1. Actividades.**

### **6.2. Axentes de realización**

## **7. AVALIACIÓN DO PLAN.**

## **8. APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.**

PLAN DE ORIENTACIÓN

## 1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (L.O.E.) e a súa modificación 8/2013 do 9 de Decembro (L.O.M.C.E) recolle no artigo 1, apartado f do capítulo I do título preliminar; a **orientación educativa e profesional** dos/as estudantes como un “medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”. Considérase a **orientación** como algo inherente á propia educación, que trata de contribuír á formación integral dos/as alumnos/as, á implicación e ó asesoramento dos/as pais/nais e do resto dos axentes da comunidade educativa. A súa tarefa consiste en promover e facilitar o desenvolvemento persoal, educativo e profesional do/a alumno/a a través da axuda técnica e do asesoramento necesarios.

A orientación enténdese como un continuo que comeza coa escolarización do alumnado e finaliza ó termino do ensino non universitario, un continuo que inclúe a toda a poboación escolar ó marxe do tipo e grao de diversidade que presente.

Os principios sobre os que se fundamenta o concepto e as funcións da orientación, coherentes cos de comprensividade e diversidade, fan referencia a unha tarefa xeneralizada, continuada, preventiva, integrada na función docente, potenciadora da intervención social e respectuosa coa orixinalidade do alumnado.

A orientación educativa e profesional deberase desenvolver nos tres niveis que estruturan a organización escolar:

- na aula (Acción Titorial),
- no centro (Departamento de Orientación),
- na zona escolar da provincia (Equipos de Orientación Específicos).

Todo isto baixo unha formulación sistémica de intervención, é dicir, orientación como proceso e responsabilidade compartida por todo o equipo

docente, coordinada polo/a titor/a e asistida polo/a orientador/a e polos servizos externos de apoio.

## **A ORIENTACIÓN PSICOPEDAGÓXICA: MARCO CONCEPTUAL E LEXISLATIVO.**

### **Marco conceptual:**

Seguindo a **Álvarez e Bisquerra** (2004), para establecer un primeiro marco conceptual do termo “orientación psicopedagóxica”, debemos responder a unha serie de cuestións, a saber:

**Que é a orientación psicopedagóxica?** Un proceso de axuda, que abrangue distintas áreas de intervención: orientación para a carreira, orientación nos procesos de ensinanza-aprendizaxe, atención á diversidade e, prevención e desenvolvemento persoal.

**Quen realiza a orientación psicopedagóxica?** Refírese ós axentes implicados na orientación. A orientación é unha función, non unha persoa. Entre os axentes da orientación encontramos obviamente oa/á orientador/a, pero tamén participan dela os/as titores/as, mestres/as e pais/nais cando nos referimos ó contexto escolar; ós que podemos engadir, cando se atopen no centro, os/as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, mestre/a de apoio, profesionais dos equipos sectoriais, traballador/a social, fisioterapeuta, médico, etc.

**Como se realiza a orientación psicopedagóxica?** Aludimos aquí ós modelos de orientación e intervención psicopedagóxica. A tendencia diríxese cara a programas de intervención potenciados pola *consulta colaborativa*, se ben en ocasións serán inevitables intervencións individualizadas de marcado carácter correctivo (modelo clínico).

**Cando se realiza a orientación psicopedagóxica?** Ó longo de toda a vida. As teorías do desenvolvemento da carreira, do desenvolvemento humano e a psicoloxía evolutiva cun *enfoque de ciclo vital* tenden a coincidir en afirmar que a persoa segue un proceso de desenvolvemento durante toda a vida. Ó longo de todo este proceso pode precisar axuda de carácter pedagóxico.

**Onde se leva a cabo a orientación psicopedagóxica?** Como consecuencia do anterior, o contexto de intervención non se limita á escola,

senón que se estende ós medios comunitarios e organizacións. En definitiva, a calquera ambiente onde se poida desenvolver a vida dunha persoa.

**Por qué se realiza a orientación psicopedagóxica?** Para un desenvolvemento integral do individuo, o que nos leva a á necesidade da orientación para a prevención e *crecemento* humano.

**A quen se dirixe a orientación?** Como ben afirman os autores citados, a orientación diríxese a todas as persoas ó longo de toda a vida, de aí que a orientación transcenda do contexto da educación formal.

<b>Orientación Psicopedagóxica</b>	
<b>Que é?</b>	Un proceso de axuda e acompañamento en todos os aspectos do desenvolvemento. Isto inclúe unha serie de <i>áreas</i> de intervención: orientación profesional, procesos de ensinanza-aprendizaxe, atención á diversidade, prevención e desenvolvemento humano.
<b>Quen a realiza?</b>	Os axentes da orientación: orientador/a, titor/a, profesorado, familia, axentes sociais, etc.
<b>Como se realiza?</b>	A través de <i>modelos de intervención</i> : modelo clínico, modelo de programas, modelo de consulta.
<b>Cando se realiza?</b>	Ó longo de toda a vida ( <i>enfoque do ciclo vital</i> )
<b>Onde se realiza?</b>	En diferentes contextos: educación formal, medios comunitarios (servizos sociais), organizacións.
<b>Por qué?</b>	Para potenciar a prevención e desenvolvemento da personalidade integral.
<b>A quen se dirixe?</b>	A todas as persoas.

FONTE: Álvarez e Bisquerra (2004)

### **Marco legal:**

Os distintos documentos legislativos sinalan que a función orientadora e a titorial constitúen os servizos e actividades que o sistema educativo oferta co obxectivo de optimizar o rendemento e a calidade de ensino. O desenvolvemento deste mandato legal queda reflectido en:

- L.O.M.C.E. (Título preliminar, capítulo I, artigo 1, apartado f)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos centros de Educación Primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 que desenvolve o Decreto anterior.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde de 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes na Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que establece o Currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 105/2014 do 4 de Setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Na Orde do 24 de xullo de 1998 establécese no seu artigo 15º, a estrutura do Plan de Orientación, á que obedece o presente Plan de Orientación do **CEIP “CURROS ENRÍQUEZ”**

## **2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**

Debemos analizar as variables contextuais nunha dimensión ampla, marco socio-xeográfico e educativo da zona de influencia, pero tamén nunha dimensión máis restrinxida, respecto das características dos distintos elementos que se reflectan no propio centro (P.E).

Consideramos as características tanto físicas como humanas da zona, así como, os seus recursos educativos (centros da ESO e institutos) e os recursos persoais (persoal especializado do sector público e privado que poidan participar como apoio na labor educativa).

## Contextualización do Centro

### 2.1.-Datos do Centro

Denominación: C.E.I.P. Plurilingüe "Curros Enríquez"

Localidade: Celanova

Nº de Unidades: Primaria: 10

Ed. Infantil: 5

Nº de alumnos: **244**

I.E.S.P. ó que pertence: "Celso Emilio Ferreiro" -Celanova

Zona Educativa: Celanova

Horario lectivo do C.E.I.P. "Curros Enríquez" de Celanova: de 10.15 a 13.50 e de 15.30 a 17.00 horas

### 2.2.-Recursos materiais

Aulas xerais:-Primaria : ..... 10  
-Ed. Infantil:..... 5

Aulas específicas: -Pedagogía terapéutica: ..... 2  
-Audición e linguaxe: ..... 1  
-Música: ..... 1  
-Educación Plástica: ..... 1  
-Inglés..... 2  
-Relixión..... 1  
-Biblioteca..... 1  
-Audiovisuais: ..... 1

Instalacións deportivas:

-Ximnasio con duchas e vestiarios

-Pista cuberta

-Patio de recreo con canastra e porterías

-Patio de Educación Infantil

Comedor

Transporte.

Ten eliminadas as barreiras arquitectónicas.

### 2.3.-Recursos humanos

Persoal docente:

-Profesores –Titores -Primaria.....10  
-Educación Infantil.....5  
-Apoio..... 1

- Especialistas :
- Filloxía inglesa..... 2
  - Educación Musical..... 1
  - Relixión.....1
  - Educación Física.... .....2
  - Pedagogía terapéutica....2
  - Audición e linguaxe.....1
  - Orientadora.....1

Persoal non docente:

- Conserxe..... 1
- Administrativo..... 1
- Persoal de limpeza..... 3
- Persoal de cociña..... 3

Asociación de pais de alumnos (A.P.A.)

#### 2.4.-Órganos de goberno do centro.

Director  
Xefe de Estudos  
Secretaria  
Claustro  
Consello Escolar  
Departamento de orientación  
Comisión Coordinación Pedagóxica  
Equipos de Ciclo  
Equipo de Normalización Lingüística  
Equipo de actividades complementarias e extraescolares.

#### 2.5.-Recursos externos ó centro

- ✓ Asistentas sociais
- ✓ Educadoras sociais
- ✓ Cruz Vermella
- ✓ Centro médico con pediatra, psicólogo, dentista...
- ✓ Protección Civil
- ✓ Biblioteca Municipal
- ✓ Polideportivo Municipal
- ✓ Centro de Formación e Recursos de Ourense
- ✓ Equipo de Orientación Específico (EOE).



## 2.6.-Distribución do alumnado

ENSINANZA Nº Alumnos	ED. INFANTIL 64 Alumnos					ED. PRIMARIA 180 Alumnos										
	3 a.	4 a.	4 a.	5 a.	5 a.	1º		2º		3º	4º		5º		6º	
GRUPO Nº Alumnos	A 10	A 13	B 13	A 14	B 14	A 13	B 14	A 20	B 19	A 24	A 20	B 21	A 13	B 14	A 24	
<b>ALTAS CAPACIDADES</b>																2
<b>DISCAPACIDADE SENSORIAL VISUAL</b>			1													
<b>DEPRIVACIÓN SOCIOCULTURAL</b>						1		2	2	4	1	2		1	2	
<b>EXTRANXEIROS</b>		1	1							2	1	1		1		
<b>PROBLEMAS DE CONDUCTA</b>			1					5	1	3	1		1		1	
<b>DIFICULTADES DE APRENDIZAXE</b>				2	2		2	5	3	4	3	3	3	2	7	
<b>DIFICULTADES LOGOPÉDICAS</b>		2	2	5	3	1	1	5	2	1	1	1	1	1		

## 2.7.- Atención á diversidade e aos alumnos con necesidades educativas especiais.

A resposta á diversidade non se pode reducir a un caso individual ten que abarcar necesariamente ao Centro como sistema.

Nos meses de maio e xuño do pasado curso realizáronse probas psicopedagóxicas a tódolos alumnos que remataron 1º, 2º e 3º ciclo de Ed. Primaria. Ao longo do mes de outubro tamén se lle aplicarán ditas probas ós alumnos que comezan a Educación Primaria. Con estes resultados, coa avaliación de xuño e coas observacións dos profesores de cada grupo detectamos as necesidades da aula como grupo e de cada alumno en particular, o que nos leva a aplicar os programas de intervención que se consideren necesarios tanto individualmente coma no grupo - clase. Tamén se detectan posibles alumnos con n.e.a.e., para os que se poden organiza-los apoios axeitados.

Este curso o Centro conta con dúas mestras de pedagogía terapéutica e unha mestra de audición e linguaxe. Estas especialistas atenderán aos distintos alumnos que necesiten apoio segundo as necesidades que presentan.

Este apoio realizarase dentro ou fóra da aula segundo as distintas características de cada alumno, coordinándose o Mestre titor co Mestre de apoio.

O mestre de aula xunto co de apoio (PT, AL) elaborarán os plans de apoio e programas de intervención que terán que desenvolverse ao longo do presente curso escolar. Estes plans levaranse á practica sempre en coordinación entre o mestre de apoio (PT, AL), o titor ou mestre de área de cada un dos alumnos con NEE. Estes programas realizaranse naquelas áreas ou aspectos nos que o alumno/a non sexa capaz de seguir a programación de aula.

En Educación Infantil os alumnos serán observados polas mestras ó longo da etapa, e aqueles que manifesten dificultades serán avaliados pola xefa do Departamento.

Os horarios das mestras de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe, están totalmente coordinados, para que así os alumnos que precisan deles os reciban no momento axeitado. Tamén se facilita á titora, ao

profesorado de P.T., á profesora de A.L. a posibilidade de reunírense coa orientadora para revisar e modificar as ACIs e os R.E.

As mestras titoras do mesmo nivel teñen unha hora quincenal de coordinación. Nesta hora reuniranse coa orientadora sempre que sexa necesario e, de non selo, coordinaranse entre elas.

O plan de Atención á Diversidade recóllese nun documento do Centro elaborado no Departamento de Orientación e en colaboración co profesorado implicado neste proceso.

## **2.8. Departamento de Orientación**

### **2.8.1. Composición**

- Xefa do Departamento: - Rocío Salgado Garrido
- Profesoras de Pedagogía Terapéutica: - M<sup>a</sup> Carmen Álvarez Calleja  
- Lucía Domínguez González
- Profesora de Audición e Linguaxe: - Sonia Sequeiros Otero
- Coordinadoras de Ciclo: - Ed. Infantil: - Susana Diz Rodríguez

En primaria, decidiuse neste curso 2016-17, rotar as coordinacións

- 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria: - Graciela López Cid
- 
- 4º, 5º e 6º de ED. Primaria: - Juan José Lamelas Caneiro

### **2.8.2. Temporalización de reunión e visitas.**

Os profesores que forman parte do Departamento de Orientación con destino no C.E.I.P. "Curros Enríquez" reuniranse unha vez ao mes o segundo martes de cada mes de 13:55 a 14:55, así como tantas veces o consideren oportuno.

Nestas reunións trataranse temas relativos a Orientación e realizaranse os traballos que o Departamento propoña.

Esta programación será flexible atendendo ás necesidades.

### 2.8.3. Coordinación

-Interna: -Xefe de Estudos, profesores, titores, equipos de ciclo, Comisión Pedagóxica, Equipo directivo, Equipo de Normalización Lingüística e Xefe de actividades extraescolares.

-Externa: -Centros adscritos, I.E.S. "Celso Emilio Ferreiro"  
-Celanova, Equipo Específico.

### 2.8.4. Emprazamento

Instalacións: Está emprazado na primeira planta do Centro, cerca da entrada do mesmo, de fácil acceso para pais, profesores, alumnos e equipo directivo, cuns 54 metros cadrados, e de uso exclusivo para o departamento.

## 3. OBXECTIVOS.

### Obxectivos Xerais:

- a) Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa concreta e individual.
- b) Prever as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do/a alumno/a.
- c) Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
- d) Contribuír á axeitada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa, especialmente entre mestre/a-alumno/a e centro-familias.
- e) Resaltar aspectos orientadores da educación: "Orientación en e para a vida", atendendo ó contexto real dos/as alumnos/as e ó futuro

académico-profesional que poidan proxectar para si mesmos/as, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.

- f) Asesorar, promover e afondar na acción titorial do profesorado, familias e alumnado e na colaboración centro-familias, deseñando accións encamiñadas á atención temperá, ó clima convivencial e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe do alumnado, así coma os que poden derivarse dos cambios de ciclo e/ou etapa.
- g) Promover a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica a revisión dos instrumentos da planificación do centro, PCC e PEC, incidindo nos aspectos da avaliación e atención á diversidade.
- h) Colaborar e asesorar no desenvolvemento da avaliación de 3º curso de Ed. Primaria, segundo o previsto no artigo 20.3 da Lei 8/2013 do 9 de Decembro (Lomce) e no Decreto 105/2014 do 4 de Setembro (art. 12.7). “Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas ao finalizar o 3º curso de Ed. Primaria” que “comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grado de adquisición da competencia matemática e da competencia en comunicación lingüística”
- i) Colaborar e asesorar no desenvolvemento da avaliación de 6º de Primaria, que se realizará por primeira vez no curso 15-16, segundo se describe no artigo 21.1 da LOMCE e no artigo 12.8 do Decreto 105/2014 do 4 de Setembro: “Ao finalizar o 6º curso de Ed. Primaria, se realizará unha avaliación individualizada a todos os alumno e alumnas, na que se comprobará o grado de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así coma o logro dos obxectivos da etapa”

### **Obxectivos Específicos:**

#### **a) *Respecto do profesorado:***

- Acadar a empatía suficiente co Claustro do profesorado e coa CCP que permitan un diálogo fluído, que asegure a máxima funcionalidade do Departamento de Orientación.
- Elaborar o Plan de Acción Titorial, facer o seu seguimento e avaliación, a través do traballo que se realice nas titorías e nas reunións establecidas ó efecto, tendo en conta as necesidades.
- Coordinar a labor dos/as titores/as e mestres/as especialistas do seu grupo, etc.

- Dar a coñecer e concienciar das funcións do Departamento de Orientación no centro e da importancia da Titoría.
- Facilitar o asesoramento e apoio técnico ó profesorado que así o demande.
- Asesorar na intervención con alumnos/as con n.e.a.e, transmitir información ós/ás titores/as e colaborar nas adaptacións curriculares.
- Concienciar ó profesorado de que os/as alumnos/as con n.e.a.e. son responsabilidade, en distinta medida, de toda a comunidade educativa, e non só de determinados especialistas ou mestres/as.
- Coordinar coas especialistas en PT e AL e titores/as a atención ó alumnado con n.e.a.e.
- Coordinación co equipo de actividades extraescolares para as saídas guiadas a centros de ESO.
- Promover a participación do profesorado en programas de innovación educativa.

b) Respecto do alumnado:

- Elaborar, seguir e desenvolver programas a través do PAT sobre diversos temas de interese para os/as alumnos/as, de acollida, adaptación e integración, autoconcepto e autoestima, técnicas de estudio, temas transversais en xeral,....
- Asesorar e apoiar puntual e individualmente segundo as demandas e necesidades. Realización das avaliacións psicopedagóxicas dos/as alumnos/as susceptibles de medidas de atención á diversidade (reforzos, adaptacións curriculares, etc.).
- Valorar os historiais académicos e facer o seguimento do alumnado e as súas necesidades educativas, sobre todo cos/as alumnos/as con n.e.a.e., de cara a fomentar unha educación máis personalizada.
- Concienciar ó alumnado de que os/as seus/súas compañeiros/as, alumnos/as con n.e.a.e., son responsabilidade, en distinta medida, de toda a comunidade educativa, e non só de determinados especialistas e/ou mestres/as.
- Desenvolver accións relativas á orientación académica do alumnado en xeral e dos do terceiro ciclo de E.P. en especial.

c) Respecto das familias:

- Manter un diálogo fluído coas familias nas actividades colectivas propostas no Plan de Acción Titorial, atención individual co/a titor/a, reunións xerais, atención do Departamento de Orientación,

información e implicación no proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as.

- Concienciar ás familias de que os/as seus/súas fillos/as ou compañeiros/as dos/as mesmos/as, alumnos/as con n.e.a.e., son responsabilidade, en distinta medida, de toda a comunidade educativa, e non só de determinados especialistas.
- Ofrecer ás familias a información suficiente sobre as funcións do Departamento de Orientación e os principios da súa intervención.
- Favorecer a participación das familias no proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as e a súa colaboración na avaliación psicopedagóxica dos/as alumnos/as susceptibles da mesma.
- Fomentar a colaboración en tódolos aspectos entre centro e familia.

d) Respecto do centro e doutros organismos:

- Concienciar ó equipo directivo e ó profesorado en xeral de que os/as alumnos/as con n.e.a.e., son responsabilidade, en distinta medida, de toda a comunidade educativa, e non só de determinados especialistas.
- Colaborar na elaboración e modificación do PE, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade e na avaliación e promoción do alumnado.
- Colaborar cos servizos do concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen.
- Contactar con outros organismos que poidan colaborar co centro nos distintos programas que se desenvolvan (atención temperá, asistente social, educador familiar, cruz vermella, asociacións varias,...)
- Contacto co Equipo de Orientación Específico e co Servizo de Inspección correspondente, para temas varios que poidan incidir no centro.

#### **4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.**

As actuacións deste Departamento estarán baseadas nos principios teórico-prácticos que inspiran a Lei Orgánica 2/2006 de Educación, así como nas vixentes disposicións legais sobre educación para a nosa Comunidade Autónoma, e que proceden das teorías construtivistas de **Ausubel**, que no que se refire á Orientación Educativa pódense resumir nunha serie de puntos:

- A Orientación e a Tutoría formarán parte da función docente.
- As finalidades da **educación** son: transmitir a cultura da sociedade, aprender a asumir deberes e exercer dereitos e incorporarse á vida activa con garantía de éxito.
- Consecución dunha educación comprensiva (para todos/as), diversificada (características diferentes), terminal (ten un fin en si mesma) e propedéutica ou preparatoria (para futuros estudos ou mundo laboral).
- Garantírase a orientación persoal, académica, psicopedagóxica e profesional dos/as alumnos/as, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios, entendéndose a escola como un lugar de construción de igualdade de oportunidades.
- O noso centro deberá posibilitar que tódolos/as alumnos/as desenvolvan ó máximo as súas potencialidades e se formen como persoas.
- As actuacións deste Departamento de Orientación terán en conta o contexto sociocultural e económico no que se empra o centro e procurará implicar ó máximo de sectores nas súas actividades, dende unha perspectiva global. Procurarase a colaboración entre tódolos/as implicados/as no proceso educativo.
- As actuacións do Departamento basearanse en dous modelos de intervención: no *modelo de programas* (cando sexa necesario abordar as necesidades antes de ser demandadas polos suxeitos obxecto da intervención) e no *modelo de consulta* (cando a demanda sexa manifestada ou requirida polos axentes implicados coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que se sintan todos implicados).

#### **4.1. - DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS OU LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN:**

Dende a Administración educativa establécense unha serie de criterios unificados para o desenvolvemento dos plans anuais dos servizos de orientación no ámbito da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lles outorga, así como do establecido nos proxectos educativos e curriculares dos centros, e así dende a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional dítanse unha serie de



instrucións dirixidas a unificar os criterios para o desenvolvemento das accións dos servizos de orientación e establécense na Circular 18/2007 unha serie de accións prioritarias dos Departamentos de Orientación para o curso escolar 2009-2010, entre as que destacamos:

- Elaboración por parte do D.O. dun Plan de Orientación educativa partindo da análise das necesidades do contexto, especialmente das recollidas na memoria anual e das directrices establecidas pola CCP.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precisa o alumnado, despois de analizar as conclusións sobre os resultados das medidas de atención á diversidade establecidas no proxecto curricular e postas en marcha no centro (ACS e Reforzos), fomentando, cando proceda melloras e outras accións colaborativas de atención á diversidade na aula, centro e intercentros (medidas de apoio ou reforzo a alumnos con necesidades educativas de calquera tipo).
- Promover a utilización por parte da comunidade educativa dos recursos de apoio existentes nos centros (PT, AL, e todo o profesorado en xeral, ademais dos recursos materiais posuídos).
- Solicitar a colaboración do Equipo de Orientación Específico para contrastar aqueles informes que conclúan un ditame de escolarización diferente, así como o emprego de diferentes técnicas de avaliación en función das características do alumnado a avaliar.
- Colaborar no deseño dos criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Contribuír á dinamización do funcionamento das estruturas organizativas do centro, analizando os posibles cambios que se deban introducir para optimizar a utilización dos recursos existentes.
- Asesorar ós equipos directivos, titores/as e profesorado en xeral no desenvolvemento do plan de acción tutorial, así como na organización dos horarios establecidos ó seu efecto.
- Asesorar ós/ás titores/as e profesorado en xeral sobre como cumprimentar a documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade, propoñendo as oportunas modificacións cando sexa necesario.
- Colaborar coa xefatura de estudos e cos/as titores/as na planificación, seguimento e avaliación das reunións destes co departamento de orientación ó longo do curso escolar.

- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que fomenten a tolerancia e a mellora da convivencia. Potenciar a implementación de programas e actuacións que favorezan as relacións sociais e o clima de convivencia no centro, implicando ás familias no seu desenvolvemento.
- Propostas de actividades de titoría para os/as mestres/as-titores/as que realizarán cos/as seus/súas alumnos/as individual o grupalmente, orientacións para impulsar a participación das familias no proceso educativo, proposta e asesoramento a titores/as e alumnado de incidir no desenvolvemento de accións que melloren o rendemento escolar a través da adquisición de TTI (Técnicas de Traballo Intelectual) nos/as alumnos/as sobre todo potenciando a lectura e traballando diversas técnicas (velocidade lectora, comprensión lectora, subliñado, esquema, resúmen,...) abordadas de xeito interdisciplinar cun seguimento e avaliación destas accións, en función dos niveis en que se desenvolva.
- Asesorar a toda a comunidade educativa sobre as posibilidades que ofrece o sistema formativo, facilitando a madurez vocacional e a toma de decisións do alumnado.
- Facer un seguimento da orientación académica para 6º de E.P.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias e á comunidade educativa na consecución dos obxectivos educativos.
- Participar no desenvolvemento de programas integrados ou por especialidades que elaboren ou promovan os Equipos de Orientación Específicos.

#### **4.2. CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO.**

Tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, o profesorado de PT e AL xunto co/a orientador/a establecerán o horario de atención ó alumnado con n.e.a.e. así como as distintas modalidades. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

##### **CRITERIOS PARA ESTABLECER OS APOIOS**

*1º. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.*

*2º. Atenderase ó alumnado obxecto dunha adaptación curricular individual.*

- 3º. *Atenderase primeiro ós RE que repiten curso ca ós que non.*
- 4º. *Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando de 1º a 6º.*
- 5º. *Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.*
- 6º. *O apoio será, salvo casos que necesiten unha terapia individual moi específica, dentro da aula ordinaria.*
- 7º *En Educación Infantil só se apoiará en casos de gravidade e determinados no correspondente informe.*
- 8º *Os apoios dirixiranse preferentemente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Linguaxe e Matemáticas, de conformidade coa adaptación curricular elaborada polo titor ou mestre de cada unha destas áreas, en coordinación co mestre de apoio.*
- 9º *Os apoios impartiranse preferentemente durante as áreas de Linguaxe, Matemáticas ou Coñecemento do Medio, e non en E. Física, Plástica e Música.*
- 10º *Os pais dos alumnos susceptibles de reforzo serán informados das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden conseguir. Farase por parte dos titores unha ficha de seguimento dos reforzos.*
- 11º *Os apoios que se fagan dentro da aula ordinaria polos especialistas PT ou AL requirirán de polo menos unha sesión mensual de coordinación entre especialista, titor e orientador.*

As actuacións do Departamento de Orientación poderán englobarse nos tres grandes programas que desenvolve, que son o **Plan de Acción Titorial (PAT)**, o **Programa de Apoio ó Proceso de Ensino-Aprendizaxe (PAPEA)**, *que incluírá as medidas de atención á diversidade*, e o **Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP)**.

## **5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN. ACTUACIÓNS, RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN**

Se consideramos a implantación do Departamento de Orientación como un proceso innovador que pretende, entre os seus obxectivos, incidir na calidade do ensino a través da súa colaboración na mellora da práctica diaria, seguiremos unhas estratexias que, en palabras de **Fernández Pérez (1977)** *“permitan avanzar a moitos un pouco, máis que avanzar moito a uns poucos”*.

Traducirase este principio no establecemento dun sistema organizativo que garanta a posibilidade de comunicación individual e colectiva do profesorado e equipo directivo co departamento de orientación, facéndoos partícipes activos da labor orientadora, tanto na identificación de necesidades como no deseño de alternativas para satisfacer as mesmas.

As estratexias de intervención utilizadas polo departamento de orientación basearanse nas ideas que fundamenta a proposta curricular da LOE. Estas ideas corresponden a distintos enfoques teóricos, pero coinciden en sinalar que o coñecemento é unha construción persoal que se realiza a partir de ideas que xa se teñen e das axudas que se reciben. Os principais enfoques e autores deste marco teórico son: a teoría xenética de **Piaget** e a escola de Xenebra, a teoría dos procesos psicolóxicos superiores de **Vygotski**, a teoría da aprendizaxe verbal significativa de Ausubel, entre outras.

A intervención, tamén, tomará como referencia a teoría xeral de sistemas e os enfoques ecolóxicos, favorecendo a análise contextual necesaria para realizar unha intervención por programas. Así mesmo, sumarase a esta intervención por programas a intervención curricular establecida na lexislación vixente, dando lugar ás diferentes medidas de atención á diversidade (avaliación inicial, acción tutorial, orientación académico-profesional, optatividade, reforzo educativo, etc.).

As funcións do xefe do departamento de orientación serán as citadas no art. 6º da *Orde de 24 de xullo de 1998*, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia, regulada polo *Decreto 120/1998*. Estas poderían resumirse na coordinación, asesoramento, dirección e participación nas actuacións referidas ós tres ámbitos da orientación.

Dende o D.O., nas accións emprendidas, procurarase seguir unha metodoloxía activa e participativa, que implique tanto a toda a comunidade educativa como ós servizos do contorno no que se sitúa, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo. Para conseguir isto utilizaranse os dous modelos de intervención máis xeneralizados que son o de *programas* e o de *consulta*.

O **modelo de programas** empregarase cando se observe unha necesidade e non se produza a demanda esperada, coa intención de adiantarse ós acontecementos e incidir no problema o máis rápido posible (función proactiva da orientación). A acción está encamiñada á prevención e ó desenvolvemento, e seguiranse unha serie de pasos: análise do contexto, detectar a necesidade, formular os obxectivos, planificar actividades, realizar as actividades e avaliar o programa.

O **modelo de consulta** empregarase para dar resposta ás demandas manifestadas ou requiridas, coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que todos se sintan implicados. Este modelo aplicarase nos informes psicopedagóxicos e nas demandas do profesorado ou titores con respecto ás necesidades individuais ou grupais. As accións deste modelo consisten en que o orientador asume o rol de *consultor* que intervirá de forma indirecta co cliente-alumno/grupo a través do mediador-profesor/titor/pai, o mediador intervén directamente co *cliente* a partir das propostas do orientador, o destinatario último recibe unha intervención directa do mediador e indirecta do orientador.

A actuación para o informe-acción deste modelo deberá seguir os pasos: definición da consulta a través do informe da situación aportado polo mediador, avaliación de necesidades e recursos na que colaborarán o orientador e o mediador, proposta de intervención consensuada entre o orientador e o mediador, desenvolvemento do programa polo mediador e, por último, avaliación do programa polo mediador e o orientador.

Na intervención, as tarefas para cada **actividade** serán distribuídas segundo os sectores e persoas implicados, procurando responsabilizar a cada quen do seu labor na tarefa para unha mellor consecución dos obxectivos, a este efecto procurarase a corresponsabilidade, a cooperación, a coordinación e o traballo en grupo de toda a comunidade educativa.

Os **recursos** empregados serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos

existentes. Exemplo destes recursos serán os persoais (profesorado, orientador, PT, AL, profesionais externos, etc.), do contexto (outros centros educativos, consellerías, internet, familias, concello, etc.) e materiais (cuestionarios, inventarios, folletos, fichas, tests, bibliografía, ordenadores, etc.). De xeito esquemático a modo de planning:

Acción	Actuacións	Estratexias	Recursos	Tempos
Revisar/actualizar as liñas xerais de intervención na atención á diversidade	A Comisión de Coordinación pedagóxica marcará as directrices.	Reunións: Xefe de Estudos + Dpto. Orientación + Profesores (por Ciclos)	PCC, Lexislación vixente, Memoria curso 2010-2011, horarios,...	1º Trimestre

Acción	Actuacións	Estratexias	Recursos	Tempos
Atención aos problemas de desenvolvemento e/ou aprendizaxe dos alumnos	-Avaliación psicopedagóxica de alumnos con n.e.e. - Ditames de Escolarización.	- Reunión con profesorado implicado, e pais ou titores. - Traballo co alumno.	-Follas de Demanda. -Entrevistas (pais e docentes) -Producións escolares. -Expediente do alumno. - Observación directa. -Probas estandarizadas.	Ao longo do curso
	- Xunto co Xefe de E., mestres de PT e AL e Orientador, coordinar a atención á diversidade no centro.	-Reunións do Dpto. de Orientación + profesorado implicado.	- R.E.s , A.C.s, Horarios.	
	- Asesorar e impulsar a elaboración de Reforzos Educativos e Adaptacións Curriculares.	- Análise e valoración das necesidades conxuntamente co profesorado, Xefa de Estudos e Dpto. de Orientación. Asesoramento	- Informes do Alumno. -Materiais bibliográficos e de aprendizaxe.	1º Trim. (e resto se é necesario).

Acción	Actuacións	Estratexias	Recursos	Tempos
Revisión e/ou seguimento do Plan de Acolida para os alumnos de 6 anos.	- Revisión do Plan de Acolida para os alumnos de 6 anos	- Reunión : Titores de 1º curso+ X. Estudos + Xefe Dpto.	-Plan de Acolida actual	1º e 2º Trimestres
	-Aplicación do Plan de Acolida para os alumnos de 6 anos	- Recollida de datos. - Entrevista grupal con pais/nais.	- Documentación da matrícula. - Coord. de ciclo, X.Est., X. Dpto.	3º Trimestre. (Maio / Xuño)
		- Escolarización dos novos alumnos, con intervención de profesorado de apoio en aula(s) de 6 anos se é o caso.	- Profesorado de apoio.	Setembro / Outubro

Acción	Actuacións	Estratexias	Recursos	Tempos
-Revisión e adaptación do PAT e redacción do Plan de Convivencia	- Baixo as directrices da CCP, o Dpto. de O. axuda na reelaboración do PAT e na redacción do Plan de Convivencia. - Claustro e CE aproban o novo PAT.	- Reunións de CCP - Reunións de Ciclos. - Reunións de Dpto. O.	- PAT actual - Bibliografía.	1º trim.

Acción	Actuacións	Estratexias	Recursos	Tempos
-Orientar no desenvolvemento do PAT, propoñendo accións e actividades aos titores relacionadas coa práctica educativa	- Programa das actividades do titor, temporalizadas. - Pautas para as entrevistas do titor cos pais. - Pautas para o traballo das Habilidades Sociais. - Técnicas de resolución de conflitos. - Aplicación de programas de técnicas de traballo intelectual, estratexias de aprendizaxe, adquisición de hábitos de estudo, etc - Revisión e difusión do Programa de Acolida para alumnos procedentes do estranxeiro.	- Reunións do Dpto. de O.+ profesorado por Ciclos + Xefe de Estudos : Debate e consenso de propostas efectuadas polo Dpto. e/ou profesorado.	- Bibliografía variada. - Fichas. - Cuestionarios. - Programas variados (aprendizaxe, modificación de conducta, aprendizaxe de valores, HH.SS., Resolución de conflitos, etc)	Ao longo do curso.

Acción	Actuacións	Estratexias	Recursos	Tempos
-Estudio dos resultados das avaliacións. Toma de decisións.	-Revisión e contraste dos resultados da avaliación por niveis e ciclos. -Debate e discusión das medidas a adoptar á vista dos resultados.	- Reunións de CCP - Reunións de Ciclos. - Reunións de Dpto. O.	- Profesorado. - Dpto. de Or.	Os 3 trimestres

Acción	Actuacións	Estratexias	Recursos	Tempos
-Fomentar actuacións dirixidas á información e á implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos.	- Informar sobre : Coidados da saúde e hixiene (revisión de vista e oído, alimentación, etc) ;xogo e xoguetes, actividades de lecer, autonomía persoal, etc. - Información e formación sobre diversos temas relacionados coa educación: A violencia entre iguais, Normas e pautas de conducta, educación da atención, resolución de conflitos,...etc	- Elaboración e difusión de folletos informativos entre as familias. - “Encontros Educativos”, foros de debate, etc	- Bibliografía. - Programas variados.- Ordenador, cañón, pantalla,... - Guións / Pautas. - Colaboración se é o caso de profesionais externos ao centro - Membros do Dpto. de Orientación. - Profesorado do centro.	Ao longo do curso (Novembro - Maio)

Acción	Actuacións	Estratexias	Recursos	Tempos
Revisión do PEC e PCC	- Asesorar no referente a criterios de índole pedagóxica (metodoloxía, criterios de avaliación e promoción, RRI, etc...)	- Reunións periódicas da CCP para debater propostas.- Reunións para posta en común.	- Bibliografía. -Lexislación vixente. -Modelos elaborados. - PEC, PCC, P. Xeral,....	Os 3 trimestres

## 6. PLAN DE TRABAJO.

### a) Actividades.

#### 1ª Avaliación

- Elaboración do Plan de Centro
- Distribución e asignación de titorías.
- Asignación de espazos
- Nomeamentos: coordinadores de ciclo, xefe de actividades extraescolares, coordinador de Normalización Lingüística,



responsables de programas que se están a realizar no Centro (Voz Natura, Deporte Escolar....)

- Elaboración de horarios
- Constitución do Departamento de Orientación
- Elaboración do Plan de Orientación, do plan de Acción Titorial, e do Plan de atención a diversidade e as N E E
- Presentación do Plan Xeral de Centro e o Plan de Orientación xunto co PAT e o Plan de atención a diversidade e as NEE á Comunidade Educativa e á Inspección.
- Reunións do Departamento de Orientación
- Pasar probas psicopedagóxicas ós alumnos que inician Educación Primaria coa finalidade de detecta-las súas necesidades educativas.
- Analiza-los resultados das probas psicopedagóxicas realizadas nos meses de maio e xuño a alumnos de 2º e 4º nivel de Ed. Primaria, para aplicar programas de intervención na aula.
- Organizar actividades formativas con profesores: redactar e seguir o plan de formación para este curso.
- Continuar na aplicación do plan de acollida os pais e alumnos.
- Aplicar o plan de acollida ós profesores.
- Colaborar na dinamización da biblioteca.
- Participar na programación de actividades complementarias
- Recolle-las conclusións das reunións de ciclo e unificalas no departamento.
- Participar nas actividades de formación das TICs
- En Educación Infantil aplicaránse probas de valoración da linguaxe oral en colaboración cos mestres de Audición e Linguaxe. **Levaremos a cabo un taller de estimulación da linguaxe oral en todos os cursos de Educación Infantil, sempre e cando o horario da especialista de AL, así o permita.**
- No primeiro ciclo (2º de educación primaria) centrarémonos na detección de alumnos/as con dificultades en comprensión lectora a través da aplicación de probas colectivas (ACL) en colaboración co Mestre titor.
- Observación da conduta para a detección temperá do alumnado con déficit atencional ou hiperactividade.

### **PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E AS NEE**

- Organiza-los apoios pouco significativos dentro da aula.
- Organiza-los apoios a nenos con necesidades educativas especiais (N.E.E.) dentro ou fóra da aula
- Detectar e diagnosticar alumnos con NEE.
- Realizar e revisar informes psicopedagóxicos dos alumnos diagnosticados con NEE.

- Revisión e elaboración de adaptacións curriculares individualizadas.
- Dar orientacións e información ós pais e ós profesores dos alumnos diagnosticados.
- Elaborar os plans de apoio e os programas de intervención.

## **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

- Planifica-la reunión xeral con tódolos pais a principio de curso.
- Realizar entrevistas con tódolos pais que se considere necesario, co fin de ter unha primeira toma de contacto.
- Presenciar as sesións de avaliación de tódolos alumnos de Educación Primaria no mes de decembro.
- Analizar os resultados da avaliación.
- Informar dos resultados académicos ós pais.
- Facer propostas de actividades de recuperación para os alumnos con NEE.
- Aplica-lo Plan Lector en Educación Primaria.
- Aplica-lo proxecto de desenvolvemento da intelixencia da editorial SM en Educación Primaria.
- Traballar un programa de habilidades sociais en tódolos ciclos para mellorar a convivencia no centro.

## **2ª Avaliación**

- Facer o seguimento do Plan de Orientación, do plan de Acción Titorial, e do Plan de atención á diversidade e as N E E
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Actividades formativas con profesores: Continuar apoiando os grupos de traballo solicitados e tódolos cursos programados no plan de formación.
- Actividades formativas para pais:
  - Programar xunto co IES “Celso Emilio Ferreiro” unha charla para pais de alumnos de 6º Nivel de Educación Primaria co fin de que reciban información de cara a incorporación destes alumnos o IES.
- Continuar na aplicación do plan de acollida os profesores.
- Seguir colaborando na dinamización da biblioteca.
- Participar na programación de actividades complementarias
- Recolle-las conclusións das reunións de ciclo e unificalas no departamento.

- No segundo ciclo centrarémonos na detección de alumnos/as con dificultades de comprensión lectora a través da aplicación de probas colectivas (ACL) en colaboración co Mestre titor.
- Observación da conduta para a detección temperá do alumnado con déficit atencional ou hiperactividade.

### **PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E AS NEAE**

- Revisa-los apoios, e facer as posibles modificacións, a nenos con N.E.E dentro ou fóra da aula.
- Seguir detectando e diagnosticando alumnos con N.E.E.
- Seguir realizando e revisando informes psicopedagóxicos dos alumnos diagnosticados con N.E.E.
- Continuar revisando e elaborando adaptacións curriculares individualizadas.
- Dar orientacións e información ós pais e ós profesores dos alumnos diagnosticados.

### **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

- Realizar entrevistas cos pais, acordadas na avaliación de decembro.
- Presenciar as sesións de avaliación de tódolos alumnos de Educación Primaria no mes de Marzo.
- Analizar os resultados da avaliación.
- Informar dos resultados académicos ós pais.
- Facer propostas de actividades de recuperación para os alumnos que o necesiten.
- Continuar aplicando o Plan Lector en Educación Primaria.
- Continuar traballando o programa de habilidades sociais que se iniciou o trimestre pasado.

## **3ª Avaliación**

- Facer o seguimento do Plan de Orientación, do plan de Acción Titorial, e do Plan de atención á diversidade e ás N.E.E .
- Facer a avaliación do Plan de Orientación, do PAT e do Plan de atención ás N.E.E.
- Elaboración da memoria de Orientación.
- Elaboración da previsión de necesidades educativas de cara o vindeiro curso.
- Presentación da memoria ó claustro, Consello Escolar e Inspección Educativa.

- Comezar a aplicación do Plan de acollida a pais e alumnos.
- Continuar na aplicación do plan de acollida ós profesores.
- Reunións do Departamento de Orientación
- Reunión trimestral do Departamento de Orientación cos centros adscritos. Elaboración da memoria.
- Continuar apoiando as actividades formativas con profesores.
- Seguir colaborando na dinamización da biblioteca.
- Participar na programación de actividades complementarias
- Recolle-las conclusións das reunións de ciclo e unificalas no departamento.
- Continuar apoiando ó profesorado nos cursos de formación programados e nos grupos de traballo
- Facer as orientacións de cara a incorporación o IES e realizar as propostas de elección de optativas.
- No terceiro ciclo centrarémonos na detección de alumnos/as con dificultades ed comprensión lectora a través da aplicación de probas colectivas (ACL) en colaboración co Mestre tutor.
- Observación da conduta para a detección temperá do alumnado con déficit atencional ou hiperactividade.

### **PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E AS NEAE**

- Revisa-los apoios e facer as posibles modificacións a nenos con N.E.E dentro ou fóra da aula
- Seguir detectando e diagnosticando alumnos con NEE.
- Seguir realizando e revisando informes psicopedagóxicos dos alumnos diagnosticados con NEE.
- Continuar revisando e elaborando adaptacións curriculares individualizadas.
- Revisar e actualizar os informes dos alumnos de NEE que rematan 6º Nivel de Educación Primaria.
- Elaborar os informes e realizar as entrevistas ás familias dos alumnos con N.E.E. de 6º nivel de Ed. Primaria para a elección de optativas na ESO.
- Dar orientacións e información ós pais e ós profesores dos alumnos diagnosticados.
- Valorar a promoción dos alumnos con NEE.

### **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

- Realizar entrevistas cos pais acordadas na avaliación de marzo.
- Presenciar as sesións de avaliación de tódolos alumnos de Educación Primaria no mes de xuño.
- Analizar os resultados da avaliación.

- Informar dos resultados académicos ós pais.
- Facer propostas de actividades de recuperación para o verán os alumnos que o necesiten. Dar unhas orientacións a tódolos alumnos.
- Cubrir informes individualizados de cada alumno.
- Continuar aplicando o método de Lectura Eficaz, de 2º a 6º Nivel de Educación Primaria.
- Continuar traballando o programa de habilidades sociais que se iniciou o trimestre pasado ven desenvolvendo ao longo deste curso.

### **b) Axentes de realización**

Estas actividades serán levadas a cabo polo director, xefe de estudos, equipo directivo, orientadora, titoras, claustro, comisións avaliadoras, comisión pedagóxica e especialistas alleos ó centro, segundo proceda en cada unha delas.

## **7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.**

Cos datos subministrados polos implicados no deseño e desenvolvemento do Plan de Orientación (Departamento de Orientación, titores e mestres), e polos destinatarios das distintas actuacións (mestres, alumnos e pais), elaborárase unha memoria a final de curso que non se entende tanto como unha descrición exhaustiva das actuacións levadas a cabo, senón como unha síntese reflexiva sobre os logros acadados e as dificultades atopadas, e os aspectos que será necesario modificar no plan cara o curso vindeiros.

O seguimento e avaliación do desenvolvemento do Plan será dun xeito continuo, pero realizarase máis minuciosamente ó final do curso.

Os procedementos e instrumentos que se utilizarán será os seguintes:

- Reunións do Departamento de Orientación, xefe de estudos, coordinadores de ciclo e titores.
- Sesións de avaliación.
- Intercambios orais ou entrevistas cos destinatarios das intervencións
- Análise dos niveis de participación nas actividades realizadas
- Contraste de experiencias e autoavaliación por parte dos titores

- Se é o caso, aplicación dalgún cuestionario a todo o claustro sobre a acción titorial e o funcionamento do Departamento de orientación.

Os criterios de avaliación do Plan de Orientación estarán en función dos distintos obxectivos programados para os diferentes ámbitos de actuación.

Como indicadores da avaliación podemos cita-los seguintes:

- Adecuación ás necesidades dos seus destinatarios
- Adecuación das metas e obxectivos previstos inicialmente e das actividades realizadas.
- Adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles.
- Grao de participación nas actividades
- Adecuación na temporalización programada para as distintas actividades
- Grao de implicación de tódolos responsables no desenvolvemento da atención á diversidade, desenvolvemento da acción titorial e dos programas de intervención.

En definitiva, coa avaliación do Plan de Orientación e do funcionamento do Departamento o que se pretende é:

- Mellorar curso a curso o asesoramento e apoio prestado a titores, mestres, alumnos e familias.
- Adecuarse ás demandas dos distintos ámbitos de intervención, tras coñece-las necesidades.
- Coñece-la efectividade das intervencións realizadas e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que son susceptibles de mellora

## **7. APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.**

Este plan foi aprobado nunha reunión do departamento de orientación celebrada o día 26 de Outubro de 2016, no C.E.I.P. "Curros Enríquez" ás 14:00 horas, coa presenza da totalidade dos membros e por unanimidade, tal como figura na acta correspondente.

Celanova, 26 de outubro de 2016

# PLAN DE ORIENTACIÓN